

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

CEE

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

Subvenciones para eventos y actividades culturales Ayuntamiento de Cee 2026

BDNS (Identif.): 897534

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/897534>)

EXTRACTO DE LAS BASES REGULADORAS PARA LA CONCESIÓN DE SUBVENCIONES PARA EVENTOS Y ACTIVIDADES CULTURALES MEDIANTE LIBRE CONCURRENCIA COMPETITIVA AYUNTAMIENTO DE CEE 2026.

BDNS ():

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b) y 20.8 la) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, general de subvenciones, se publica el extracto de la bases cuyo texto completo se puede consultar en la Base de datos nacional de subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

1. Finalidad y objeto.

El objeto de esta convocatoria viene a desarrollar las actuaciones de promoción de las manifestaciones culturales en beneficio del desarrollo cultural local, definidas en el ámbito del artículo 25.2. apartado m) de la Ley 7/1985 Reguladora de las bases de Régimen Local. La finalidad de estas bases y de la convocatoria correspondiente es la promoción y fomento de las manifestaciones culturales, subvencionando actividades realizadas en el Ayuntamiento de Cee, con la finalidad de apoyar a las entidades locales sin ánimo de lucro en la creación o mantenimiento de actividades, fomento de la cultura en general y organización de eventos culturales.

2. Beneficiarios.

Entidades privadas sin ánimo de lucro, concretamente las asociaciones legalmente constituidas, inscritas en el Registro de Asociaciones de la Xunta de Galicia y en el Registro Municipal de Asociaciones, que tengan su domicilio social y desarrollen sus actividades en el Ayuntamiento de Cee.

3. Bases reguladoras.

Las bases reguladoras por las que se regirá la concesión de subvenciones para eventos y actividades culturales mediante libre concurrencia competitiva Ayuntamiento de Cee 2026 son las aprobadas el 7 de abril (Expediente Decreto 2026/G003/000347).

4. Crédito presupuestario.

En el Presupuesto Municipal para el año 2026 se aprobó, por el Pleno Municipal, la partida presupuestaria 340/489.01 con una consignación de 20.100 €.

5. Gastos subvencionables y criterios de evaluación.

5.1. Gastos subvencionables.

Son aquellos que de manera indudable respondan a la naturaleza de la actividad subvencionada.

Gastos de personal con contrato laboral con la entidad solicitante necesario para la realización y desarrollo de la actividad.

Gastos de seguros y/o seguridad para el desarrollo de la actividad para la que se solicita la ayuda: responsabilidad civil y, si fuera el caso, de cobertura de accidentes de la actividad.

Gastos de publicidad de la actividad para la que se solicita la subvención.

Gastos de alquiler de megafonía, son, iluminación e infraestructuras imprescindibles y necesarios para el desarrollo de la actividad.

Gastos para el desarrollo de actuaciones culturales: alquileres de palcos, carpas, tarimas, material de oficina, monitores/as de las actividades y actuaciones, etc.

Gastos de cursos, charlas y talleres de naturaleza cultural (honorarios).

Gastos de organización: empresas organizadoras y actividades y gastos corrientes de la entidad destinados a la ejecución de las actividades para las que se solicita la subvención.

5.2. Criterios de Valoración.

a. Criterios generales.

La concesión de las subvenciones corresponde, previo informe técnico, a la Alcaldía-Presidencia. La cantidad o importe máxima a percibir por una misma entidad será de 2.000 €. Esta subvención es compatible con otras ayudas de entidades públicas o privadas, excepto las subvenciones nominativas concedidas por el Ayuntamiento de Cee. En ningún caso el importe de la subvención municipal podrá ser de tal cuantía que, en concurrencia con otros ingresos, subvenciones o ayudas, supere el coste de la actividad justificada por el beneficiario.

b. Criterios específicos.

Para la valoración de las solicitudes se tendrán en cuenta los criterios específicos siguientes:

CRITERIOS PUNTUACIÓN

Antigüedad (la fecha que se tendrá en cuenta será la de la inscripción en el Rexistro de Asociacións de la Xunta de Galicia a razón de 0,5 puntos por cada año). Máximo: 10 puntos

Número de socios: 0,05 puntos por cada socio. Máximo: 10 puntos

Eventos: 10 puntos por cada evento organizado por la entidad. Máximo:30 puntos

Actividades: 1,25 puntos por cada actividad organizada pola entidad. Máximo:5 puntos

Número de profesores/as o monitores/as: se valorará a razón de 5 puntos cada profesor o monitor que imparta una actividad con un mínimo de 30 horas de duración. Máximo:10 puntos

Número de alumnos/as: se valorará a razón de 0,5 puntos por cada alumno participante en las actividades que tengan un mínimo de 30 horas de duración. Máximo:10 puntos

Número de ediciones de eventos relevantes para la promoción de la cultura celebrados por la entidad en el Ayuntamiento de Cee, incluido el año 2025: se valorará a razón de 0,4 puntos por edición.

Máximo:10 puntos

Se valorará la colaboración de la entidad en eventos organizados por el Ayuntamiento, tales como el Carnaval, Letras Gallegas, Verano, Otoño Cultural y Navidad. Cada colaboración comprometida se valorará con 7,5 puntos. Máximo:15 puntos

6. Lugar y plazo de presentación de solicitudes.

6.1. Las solicitudes se presentarán en el registro general del Ayuntamiento de Cee en horario de 9:00 a 13:30 horas de lunes a viernes, o por cualquiera de las formas previstas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones.

6.2. El plazo de presentación de solicitudes será de un mes, contado a partir del día siguiente al de la publicación de este extracto en el Boletín Oficial de A Coruña.

Cee, 8 de abril de 2026.

Margarita Lamela Louzán. Alcaldesa.

Subvencións para eventos e actividades culturais Concello de Cee 2026

BDNS (Identif.): 897534

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/897534>)

EXTRACTO DAS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA EVENTOS E ACTIVIDADES CULTURAIS MEDIANTE LIBRE CONCORRENCIA COMPETITIVA CONCELLO DE CEE 2026.

BDNS ():

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da bases cuxo texto completo se pode consultar na Base da datos nacional de subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

1. Finalidade e obxecto.

O obxecto desta convocatoria vén a desenvolver as actuacións de promoción das manifestacións culturais en beneficio do desenvolvemento cultural local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado m) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local.

A finalidade destas bases e da convocatoria correspondente é a promoción e fomento das manifestacións culturais, subvencionando actividades realizadas no Concello de Cee, coa finalidade de apoiar ás entidades locais sen ánimo de lucro na creación ou mantemento de actividades, fomento da cultura en xeral e organización de eventos culturais.

2. Beneficiarios.

Entidades privadas sen ánimo de lucro, concretamente as asociacións legalmente constituídas, inscritas no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia e no Rexistro Municipal de Asociacións, que teñan o seu domicilio social e desenvolvan as súas actividades no Concello de Cee.

3. Bases reguladoras.

As bases reguladoras polas que se rexerá a concesión de subvencións para eventos e actividades actividades culturais mediante libre concorrência competitiva Concello de Cee 2026 son as aprobadas o 7 de abril (Expediente Decreto 2026/G003/000347).

4. Crédito orzamentario.

No Orzamento Municipal para o ano 2026 aprobouse, polo Pleno Municipal, a partida orzamentaria 340/489.01 cunha consignación de 20.100 €.

5. Gastos subvencionables e criterios de avaliación.

5.1. Gastos sufragables.

Son aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada.

Gastos de persoal con contrato laboral coa entidade solicitante necesario para a realización e desenvolvemento da actividade.

Gastos de seguros e/ou seguridade para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita a axuda: responsabilidade civil e, se fose o caso, de cobertura de accidentes da actividade.

Gastos de transporte para a realización de intercambios ou actuacións culturais.

Gastos de publicidade da actividade para a que se solicita a subvención.

Gastos de alugueiro de megafonía, son, iluminación e infraestruturas imprescindibles e necesarios para o desenvolvemento da actividade.

Gastos para o desenvolvemento de actuacións culturais: alugueiros de palcos, carpas, tarimas, material de oficina, monitores/as das actividades e actuacións, etc.

Gastos de cursos, charlas e obradoiros de natureza cultural (honorarios).

Gastos de organización: empresas organizadoras e actividades e gastos correntes da entidade destinados á execución das actividades para as que se solicita a subvención.

5.2. Criterios de Valoración.

a. Criterios xerais.

A concesión das subvencións corresponde, previo informe técnico, á Alcaldía-Presidencia.

A cantidade ou importe máximo a percibir por unha mesma entidade será de 2.000 €.

Esta subvención é compatible con outras axudas de entidades públicas ou privadas, agás as subvencións nominativas concedidas polo Concello de Cee. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade xustificada polo beneficiario.

b. Criterios específicos.

Para a valoración das solicitudes teranse en conta os criterios específicos seguintes:

CRITERIOS PUNTUACIÓN

Antigüidade (a data que se terá en conta será a de inscrición no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia a razón de 0,5 puntos por cada ano). Máximo: 10 puntos

Número de socios: 0,05 puntos por cada socio. Máximo: 10 puntos

Eventos: 10 puntos por cada evento organizado pola entidade. Máximo:30 puntos

Actividades: 1,25 puntos por cada actividade organizada pola entidade. Máximo:5 puntos

Número de profesores/as ou monitores/as: valorarase a razón de 5 puntos cada profesor ou monitor que imparta unha actividade dun mínimo de 30 horas de duración. Máximo:10 puntos

Número de alumnos/as: valorarase a razón de 0,5 puntos por cada alumno participante nas actividades que teñan un mínimo de 30 horas de duración. Máximo:10 puntos

Número de edicións de eventos relevantes para a promoción da cultura celebrados pola entidade no Concello de Cee, ata o ano 2025 incluído: valorarase a razón de 0,4 puntos por edición.

Máximo:10 puntos

Valorarase a colaboración da entidade en eventos organizados polo Concello, tales como o Entroido, Letras Galegas, Verán, Outono Cultural e Nadal. Cada colaboración comprometida valorarase con 7,5 puntos. Máximo:15 puntos

6. Lugar e prazo de presentación de solicitudes.

6.1. As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do Concello de Cee en horario de 9:00 a 13:30 horas de luns a venres, ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións.

6.2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación deste extracto no Boletín Oficial da Coruña.

Cee, 8 de abril de 2026.

Margarita Lamela Louzán. Alcaldesa

2026/2165